

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 7 de decembro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día sete de decembro do ano dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1606).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 28.11.12. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1607).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 8802/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da Asesoría Xurídica de data 12 de novembro e máis da xefa do Servizo de Fiscalización de data 27 do

mesmo mes, de acordo co informe proposta de data 4 de decembro emitido polo xefe de Protocolo e RRPP, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, co texto que figura ao final do presente acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 2ª a favor do Circulo Cultural , Mercantil e Industrial de Vigo por unha contía de 10.000 euros con cargo á partida 912.0.489.00.04 "Outras subvencións". O pagamento da subvención ao Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo farase do xeito seguinte: un único pagamento de 10.000 euros, realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente ao ano en curso, presentada antes do día 20 de novembro de 2012.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMENTO NO LABOR DESENVOLVIDO POLO CÍRCULO MERCANTIL A TODOS OS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E INSTITUCIONAIS

Na Casa do Concello de Vigo, a vinte e dous de outubro de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, don ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, *en virtude do decreto da Alcaldía do 5 de xullo de 2007,..*

Doutra, don IGNACIO PÉREZ AMOEDO, como presidente da asociación CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, CIF nº 36614097 e enderezo social en rúa Príncipe 44 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, institución fundada no ano 1891 e que realiza un labor que chega directamente a 22.000 asociados, ven desenvolvendo ó longo dos anos un intenso esforzo no eido cultural, deportivo e lúdico que se estende a todos os cidadáns de Vigo a través de actos públicos, institucionais e abertos, que contribúe, ademais, á proxección da imaxe exterior da cidade.

Por este e outros motivos, concedéuselle a Medalla da Cidade, a Placa Nacional ó Mérito Deportivo, así como outras distincións de recoñecido prestixio.

II.- Que o Concello de Vigo por esta especial incidencia pública na cidade e a continuidade das actividades descritas, considera á sinatura dun convenio de colaboración.

III.- Que nas devanditas actividades a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social e cultural.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento

V.- Que a entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representan as devanditas actividades da entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO comprométese a colaborar coa ALCALDÍA do Concello de Vigo, concretamente, a:

1º.- Cumprir o programa de actividades detalladas neste convenio.

2º.- Edición de catro números da revista “El Mercantil”, nos que se reservará unha páxina completa en cada número para inserción da información institucional que a Alcaldía considere oportuna. A revista cubrirá o desenvolvemento da programación realizada polo Concello de Vigo, particularmente a de carácter cultural e deportivo.

3º.- O Círculo Mercantil facilitará o acceso público aos fondos da biblioteca para a realización de traballos de investigación e estudo, ata a data do remate deste convenio.

4º.- O Círculo Mercantil atenderá as solicitudes para realizar as exposicións que lle remita o departamento de Cultura do Concello, có obxecto de estudar a posibilidade de encadralas dentro da súa dinámica cultural, para o que facilitará unha sala de exposicións.

5º.- O Círculo Mercantil facilitará ao Concello entradas para os concertos programados cando non se realicen en dependencias municipais. No Concerto de Nadal establécese unha reserva de 100 localidades a favor do Concello.

7º.- O Círculo Mercantil aboará os gastos derivados do desenvolvemento dos concertos.

8º.- Na publicidade que se realice para a difusión dos actos deste programa, o Círculo Mercantil dará o mesmo tratamento en espazo aos anagramas do Concello que aos seus propios. No caso de participación doutras entidades, o Círculo Mercantil acordará có Concello a fórmula de presenza dos anagramas.

9º.- O Círculo Mercantil presentará a memoria definitiva do programa de actividades obxecto deste convenio antes do día 20 de novembro de 2012, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e o balance económico de gastos e ingresos.

10º.- O Círculo Mercantil deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente á entidade Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo, unha subvención por importe de 10.000 euros con cargo á partida orzamentaria da Alcaldía 912.0.489.00.04 "Outras subvencións", do presente orzamento, có obxecto de coadjuvar ao financiamento de actividades culturais.

2º.- O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.75.0040004497 de Caixanova, oficina principal.

3º.- O pagamento expresado na punto anterior nun único pagamento contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente ao ano en curso, así como a conta xustificativa da declaración de actividades realizadas e xustificantes do pagamento dos gastos incorridos, a presentar antes do día 15 de novembro de 2012 .

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100% do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción do logo da Alcaldía en programas e carteis.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, do 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pagamento conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampado da factura orixinal, indicando no estampado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do presente ano.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía. O xefe do servizo de Alcaldía emitirá informe ao respecto, así como á axeitada xustificación da mesma, facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida o defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro

incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas, solicitadas polo Circulo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo, serán competencia do servizo de Relacións Públicas e Protocolo da Alcaldía.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Alcaldía.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Alcaldía do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a 23 de outubro de 2012.

3(1608).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5771/320.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do secretario da Administración Municipal de data 19 de novembro e máis da xefa do Servizo de Fiscalización de data 29 do mesmo mes, de acordo co informe proposta de data 14 de novembro emitido pola técnica de Participación Cidadá, coa conformidade do xefe do Servizo e máis dos concelleiros delegados de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e máis da concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 22.000€ (vinte e dous mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2012, a favor da entidade Fundación Igual Arte.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Igual Arte (CIF.- G-36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2012, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, conceder á referida entidade, unha subvención de 22.000€ (vinte e dous mil euros).

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2012 , MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: 36427524), con domicilio social en Peinador-Torroso, nº 82, de Mos, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 5771/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a auto-organizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "*Fundación Igual Arte*", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de

expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espacio activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Fundación Igual Arte” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o ano 2012, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2012), a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “Convenio Fundación Igual Arte”.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2012, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Bloque axuste persoal	- Autonomía persoal
Bloque artístico	- Programa de educación musical - Programa de expresión corporal - Programa de expresión plástica creativa

Bloque académico	<ul style="list-style-type: none"> - Deporte - Historia del Arte - Matemáticas - Linguaxe
Outras	<ul style="list-style-type: none"> - Xornadas de verán - Viaxe fin de curso - Talleres de Nadal, carnaval e verán - Formación voluntariado...

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para o ano 2012, cuxa contía anual, segundo orzamento de gastos achegado, é de 22.000 € (vinte e dous mil euros).

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (2012)	
Arrendamento e imposto	22.000,00 €
Reparacións e conservación	1.724,79 €
Servizos profesionais independentes	7.357,22 €
Seguros	2.732,79 €
Subministro (auga, electricidade, carburante...)	5.723,82 €
Servizos (material actividades, oficina, comedor, saídas...)	25.963,00 €
Tributos (lixo, IVTM)	586,10 €
Soldos e salarios	67.099,25 €
Seguridade Social	18.775,38 €
TOTAL	151.962,35 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Fundación Igual Arte*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o

benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Fundación Igual Arte* comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

- 1.- Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- 2.- Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
- 3.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 4.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- 5.- Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
- 6.- Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
- 7.- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
- 8.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1.- Conceder directamente á entidade "*Fundación Igual Arte*" unha subvención por importe de 22.000 € (vinte e dous mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "*Convenio Fundación Igual Arte*", do vixente orzamento municipal (2012), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o

desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2012, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2.- Respetar a estrutura organizativa da “*Fundación Igual Arte*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1.- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2.- Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3.- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4.- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste

concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2012.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Fundación Igual Arte*, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, como máximo, ata o día 15 de decembro do ano que andamos, que xustifique o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- a) Solicitud de abono da subvención.
- b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:
 - 1) Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
 - 2) Datás e lugar de celebración.
 - 3) Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
 - 4) Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - 5) Actuacións realizadas.
 - 6) Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
 - 7) No seu caso, memoria de prensa e comunicación
- c) Unha memoria económica, xustificativa do custe das actividades subvencionadas, segundo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, encabezada por unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do acredor (nome e CIF), obxecto do gasto, nº e data

do documento xustificativo, importe e, no seu caso, data de pago, IVE/IRPF e importe total. Deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, e o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tickets de caixa.
- os gastos realizados acreditaranse mediante documentos que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura, de ser o caso, serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (RD 1496/03), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF, IS) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computarase o gastos acreditados deducido o IVE.
- o IRPF ou IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria. A tales efectos achegaranse os Modelos 115 (4 trimestres), sobre retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas ou rendementos do arrendamento de inmobles urbanos, e/ou modelo resumen anual (Modelo 180)
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ou Imposto de Sociedades, e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0560 90 3040004695 (Novagalicia Banco)

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen ao longo do ano 2012.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- A vixencia deste convenio esténdese aos gastos realizados, en concepto de aluguer do local social, dentro do ano natural (2012), sen prexuízo das limitacións impostas polo prazo de xustificación.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2012.

4(1609).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 294/02.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, de data 23.11.12, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

-Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a Pilar Lois Boquete. Expte.02/294.

5(1610).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO, DURANTE O MES DE OUTUBRO 2012. EXPTE. 1897/315.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Área de Política do Benestar de data 24.11.2012, conformado polo xefe da Área e máis pola concelleira delegada, visto o informe do Interventor Xeral de data 28.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de outubro de 2012.

Segundo.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros á partida orzamentaria 3133.2279901 “Servizo Metadona”, minorando dito importe do RC 201200062495 de 114.741.84 euros.

6(1611).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L., POLO MANTEMENTO DOS CEMITERIOS DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO. EXPTE. 9745/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do negociado de Cemiterios de data 22.11.2012, conformado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e máis pola concelleira delegada, visto o informe do Interventor Xeral de data 29.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante convalidación a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-”, por importe de 33.750,48 euros (IVE engadido) segundo facturas correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2012, pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais naquelas datas.

Segundo.- Recoñecer a obriga de pagamento a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-” (CIF.: B-47037577), por importe de 33.750,48 euros (IVE engadido) pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais nos meses de setembro e outubro de 2012, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do exercicio vixente.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

7(1612).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS. EXPTE. 66323/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 29.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación da subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas (exped. 66323-250) no seguinte orde decrecente:

1. Sercoysa Proyectos y Obras, S.A.: con una puntuación de 100 puntos
2. Construcciones Cresppo S.A.: con una puntuación de 98,35 puntos

3. Construcciones Obras e Viais, S.A.: con una puntuación de 88,96 puntos
4. Marconsa Grupo Empresarial, S.L.: con una puntuación de 35,86 puntos

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Sercoysa Proyectos y Obras, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(1613).- ALLEAMENTO DE 184 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 4295/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 23.11.2012, conformado polo concelleiro delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Allear para chatarra 184 vehículos que se atopan no depósito municipal, así como 1 pala cargadora e 6 vehículos (que figuran en relación que figura no expediente), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- As empresas licitadoras aportarán a autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentar o xustificante do aboamento do prezo.
- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 190 vehículos e unha pala cargadora, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integramente as condicións para o alleamento dos 190 vehículos e pala cargadora.

2.- Propón como prezo para a compra dos 190 vehículos e da pala cargadora o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

9(1614).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A PEYCAR. EXPTE. 4293/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 3 de decembro de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a PEYCAR PONTEVEDRA S.L., a garantía de 2.223,58 euros constituída para responder da subministración de vestiario para o persoal do Concello de Vigo (exped. 177-440 lotes 4-7.3.1-7.3.4), xa que as subministracións foron recibidas e por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

10(1615).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A COCHERAS OLÍVICAS. EXPTE. 4275/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 26 de novembro de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., a fianza de 311.250,79 euros constituída para responder das obras de construción dun aparcadoiro público para vehículos automóbiles na Avda. de Castelao, xa que as obras foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

11(1616).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A COCHERAS OLÍVICAS. EXPTE. 4276/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación de data 26 de novembro de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., a fianza de 411.696,26 euros constituída para responder das obras de construción dun aparcadoiro público

para vehículos automóbiles na rúa Jenaro de la Fuente, xa que as obras foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

12(1617).- AUTORIZAR Á DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN VIGO, A ORGANIZAR O VINDEIRO 23.12.2012, A 51ª EDICIÓN 51 GRAN PREMIO PEDESTRE DE NAVIDAD-CARRERA DEL PAVO. EXPTE. 11733/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo de data 9 de novembro de 2012, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo a organizar o vindeiro domingo 23 de decembro de 2012, a 51ª edición 51 GRAN PREMIO PEDESTRE DE NAVIDAD-CARRERA DEL PAVO, con saída ás 10.30h dende a Praza de Compostela, entre os cruzamentos coas rúas Reconquista e Velázquez Moreno, logo Concepción Arenal, Alameda, García Olloqui, Montero Rios, edificio da Xunta de Galicia, Avenidas, Cánovas del Castillo, Náutico, García Olloqui, rematando ás 14.30 horas na Praza de Compostela.

13(1618).- AUTORIZAR AO CLUB DE ATLETISMO VIGO, A ORGANIZAR O VINDEIRO LUNS 31.12.2012, A PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “8ª SAN SILVESTRE BENÉFICA 2012”. EXPTE. 11732/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo de data 9 de novembro de 2012, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, ao Club de Atletismo Vigo, a organizar o vindeiro luns 31 de decembro de 2012, a proba deportiva denominada “8ª San Silvestre Benéfica 2012”. Dita carreira comezará ás 17.00 horas dentro do parque de Castrelos cun percorrido de 6 Km.

14(1619).- AUTORIZAR Á AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO, A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 16.12.2012 O CROSS ESCOLAR “XII MEMORIAL ANDRÉS ABANQUEIRO” NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 11711/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo de data 9 de novembro de 2012, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, á Agrupación Viguesa de Atletismo, a organizar o vindeiro domingo 16 de decembro de 2012 o cross escolar “XII Memorial Andrés Abanqueiro” entre as 9.00 horas e as 14.00 horas no Parque de Castrelos.

15(1620).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2012. EXPTE. 9214/77.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 19 de novembro de 2012 do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, coa conformidade do concelleiro delegado, vistos os informes emitidos con data 30 de novembro pola xefa do Servizo de Fiscalización conformados polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder as seguintes axudas económicas por un importe total de 24911,25 €:

Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Baremo	Importe axuda
8924/77	JAVIER SOUSA TOJEIRA	35570138V	35	1.050,00 €
8929/77	COMPLEJO HOSTELERO EL PARQUE, SL	B36731958	23	1.050,00 €
8920/77	Mª TERESA GIADAS REBORDA	36031396x	22	1.181,25 €
8926/77	DRAKAR SOLUCIONES DE CONTROL, SL	B27762202	18	2.100,00 €
8917/77	CUBICA TECNOLOGÍA Y DISEÑO, SL	B36998011	18	2.100,00 €
8945/77	LA PEZERA DE VIGO, SL	B27760859	18	2.100,00 €
8955/77	GESGLOBAL NOROESTE, SL	B27710029	17	2.100,00 €
8925/77	GLAUCINEIDE BESERRA DE FREITAS	39510678J	17	2.100,00 €
8941/77	ENRIQUE CUQUEJO TABOADA	34584396D	17	1.050,00 €
8949/77	MYSTIC PROJECT, SL	B36951531	13	1.837,50 €
8937/77	PATRICIA LÓPEZ COLMENERO	34988923N	11	813,75 €
8916/77	EXCLUSIVAS TORRADO MONTERO, SL	B36591956	11	1.050,00 €
8915/77	HERMANOS SANZ, CB	E36909341	11	1.050,00 €
8914/77	Mª AMPARO DIZ DEBRITO	36048676V	11	1.050,00 €
8910/77	RAFAEL ANDÓN OTERO	53184318S	11	1.050,00 €
8951/77	RODRIGO JESÚS PORTANET FONTANA	36130288W	11	603,75 €
8922/77	ALFONSO PENELA FERNÁNDEZ	35996863F	11	525,00 €
8921/77	R.C. FIL DISTRIBUCIONES, SL	B36744506	10	1.050,00 €
8956/77	SUER, CB	E27761402	10	1.050,00 €

Segundo.- Denegar, segundo a base 3ª, apartado 3.3 e de acordo co baremo establecido, xa que o montante total das axudas que procedería conceder supera ao orzamento previsto, aos solicitantes que obtiveron menor puntuación seguintes:

Expte.	Solicitante	CIF	Puntuación
8911/77	VICTOR F. CAMPOS BETANCOR	53171532V	8
8919/77	TALLERES CASTIÑEIRA, SL	B36657682	8
8936/77	SUMMERTRIP, SL	B36749604	8
8953/77	CENTRO DE ENSINO ARTURO, SL	B27747187	8
8927/77	CROMOLY, SLL	B36941334	7
8938/77	PÉREZ OTERO, CB	E27740935	5
8943/77	V.G. PADEL, SL	B27744119	5
8948/77	FEDERACIÓN OLÍVICA DE ANPAS	G36743946	3

Terceiro.- Denegar, por non cumprir cos requisitos ou por non achegar a documentación requirida, as solicitudes seguintes:

Expte.	Solicitante	DNI/CIF	Motivo denegación*
8912/77	PANADERÍA MANTELAS, CB	E36808723	2

8913/77	TELTEK VIDEO RESEARCH, SL	B27709476	2, 3
8918/77	LA CERVECERA DE SAN BOAL, CB	E27724533	4
8923/77	FUNDACIÓN INTEGRAL PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	G36880615	1, 3
8928/77	JOSE CARLOS PÉREZ ALVAREZ	34625806L	3
8930/77	ALICIA CASERO BUSTOS	36151819M	3, 5
8931/77	GALIPOL, SL	B36825826	6
8939/77	TIC TAC WHITE, SL	B94054400	5, 7
8940/77	JOSÉ MANUEL PÉREZ VÁZQUEZ	34985734C	2
8942/77	INOXIDABLES FEGOSAN, SA	A36604775	5, 7
8944/77	ALBA MARÍA SOUTELO SOLIÑO	36033229A	5, 7
8946/77	PRECISGAL COMPONENTES AUTOMOCIÓN, SL	B27719814	5
8947/77	PRECISGAL UTILLAJE, SL	B27719806	1
8950/77	LUZ MARINA BUITRAGO VELOZA	39515468L	5, 7
8952/77	AIRVENTO, SL	B36870624	2, 3, 6
8954/77	JOSÉ FERNÁNDEZ PIÑEIRO, SL	B36772317	5
8957/77	CLODOMIRO BARREDO GARCÍA	34572594T	5
8958/77	VANESA LÓPEZ BECERRA	36148944M	5

(*) Táboa de códigos de denegación:

Código	Concepto	Referencia	Apartado
1	Contrato formalizado fora do período obxecto da subvención.	Base 1ª	1.1 e 1.5.1
2	A persoa contratada non está empadroada no municipio de Vigo ou acredita un período inferior ao establecido na data de presentación da solicitude.	Base 1ª	1.3.4
3	Relación contractual previa inferior a 4 anos.	Base 1ª	1.4
4	Contrato a xornada parcial cunha duración inferior a 20 horas/semana.	Base 1ª	1.4
5	Documentación incompleta	Base 4ª	
6	Ter débedas coa facenda municipal.	Base 1ª	1.3.5
7	Desestímulo e/ou renuncia	Base 5ª	

16(1621).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA CIVISGLOBAL, S.L., POLOS TRABALLOS A MAIORES NO ACONDICIONAMENTO DA INTERSECCIÓN DAS RÚAS BARCELONA E GRAN VIA. EXPTE. 1446/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina de Supervisión de Proxectos de data 16.10.2012, conformado polo xefe da Área e máis polo concelleira delegado, vistos os informes emitidos polo asesor xurídico da Área con data 23 de novembro e máis polo Interventor Xeral coa mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar a factura nº 245 de data 29 de xuño de 2012, presentada pola mercantil Civisglobal, S.L., antes Movexvial, S.L., por importe de total de 12.363,65 € (IVE engadido), polos conceptos de traballos a maiores no acondicionamento da intersección das rúas Barcelona e Gran Vía.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extrajudicial de crédito a favor de Civisglobal, S.L., antes Movexvial, S.L. por importe de 12.363,65 € (IVE engadido).

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil Civisglobal, S.L., antes Movexvial, S.L., por un importe de 12.363,65 Euros, imputable á aplicación orzamentaria 1550.210.00.05.

17(1622).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA EMPRESA CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ Y HERMIDA, POLAS ACTUACIÓN S PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DE BEIRARRÚA NA RÚA AREAL, ENTRE 104 AO 118". EXPTE. 1593/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento de data 21.11.2012, conformado polo concelleiro delegado, vistos os informes emitidos polo asesor xurídico da Área con data 23 de novembro e máis polo Interventor Xeral coa data 26 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura nº 031/2011 de data 19 de decembro de 2011, presentada no Rexistro Xeral pola mercantil Construcciones Fernández y Hermida con data 20 de decembro de 2011, correspondente ás obras de "Actuación para a finalización das obras de reparación da beirarrúa na Rúa Areal entre o nº 104 e o 118" e por importe de 6.999,99 Euros. (IVE engadido)

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extrajudicial de crédito a favor de Construcciones Fernández y Hermida por un importe de 6.999,99 Euros (IVE engadido)

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil Construcciones Fernández y Hermida. por un importe de 6.999,99 Euros, imputable á aplicación orzamentaria 1550.210.00.05 "rec. Ext. Cred. Mant. Solla, Movexvial e C. Fernández".

18(1623).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A. EXPTE. 67329/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido con data 3 de decembro polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 527,49€ (cincocentos vinteseite con corenta e nove euros) a favor de France Telecom España, S.A.

19(1624).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE PROMOCIONES NOVA PROGRESO, S.L. EXPTE. 77626/421.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido con data 3 de decembro polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 49.200 € (corenta e nove mil douscentos euros) a favor de Promociones Nova Progreso, S.L.

20(1625).- APROBAR A MODIFICACIÓN DAS ANUALIDADES DA OBRA HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. EXPTE. 1637/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta emitido con data 26 de novembro polo xefe da Área de Fomento, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe de data 30 de novembro da técnica de Fiscalización e Control conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a modificación das anualidades da obra que a continuación se indica:

Expte. 1063/440 Humanización da Rúa Brasil Civisglobal

Partida orzamentaria: 1550.619.00.27

Ano	2011	2012	2013	2014
Existente	82.352,94 €	737.647,16 €	1.070.000,00 €	0 €
Nova Proposta	82.352,94 €	737.647,16 €	570.000 €	500.000 €

21(1626).- XUSTIFICACIÓN DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, co informe da xefa do servizo de Fiscalización, de data 27.11.2012, co conforme do interventor Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	12025739	1.000,00	268,81	731,19	----
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	12047189	1.000,00	800,52	199,48	----
CABRERA RIANDE JORGE	12048606	100,00	81,14	18,86	----
CRESPO CASAL ÁLVARO	12061429	56,88	56,88	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12026003	500,00	500,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	12060022	50,00	50,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12042388	6.851,40	6.851,40	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12042389	3.000,00	3.000,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12044090	500,00	78,33	421,67	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12045268	1.000,00	677,88	322,12	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12047190	500,00	202,31	297,69	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12056720	700,00	212,79	487,21	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12057706	500,00	398,60	101,40	----
ESPADA RE CAREY LUIS	12057707	17.999,00	17.725,73	273,27	----
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ LUZ Mª	12048250	42.238,82	42.238,82	----	----

GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ LUZ Mª	12062294	11.250,00	11.250,00	----	----
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO JAVIER	12047191	420,00	420,00	----	----
LÓPEZ MOURE JESÚS	12047441	235.056,00	235.056,00	----	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	12041868	5.000,00	3.739,51	1.260,49	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	12048601	400,00	400,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	12041076	10.080,00	10.073,00	07,00	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	12048259	18.290,00	18.290,00	----	----
TOTAL		356.492,10	352.371,72	4.120,38	,00

TOTAL XUSTIFICADO 356.492,10.-

Procedeuse a comprobar pola Intervención :

- a) Rendéronse no prazo establecido.
- b) A conta está debidamente asinada e comprende debidamente relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente á citada enumeración.
- c) Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranse.
- d) Os gastos concretos e determinados son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos e que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ao acredor da factura ou xustificante.

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ao mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

22(1627).- RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO EN EXECUCIÓN DOS ACORDOS PLENARIOS DE DATA 25.06.2012. EXPTE. 15/142 E 16/142:

A)RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE LINORSA. EXPTE. 19578/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 16.07.2012, conformado pola concelleira de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral, do 2.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarala nulidade das actuacións realizadas.

2º.- Aprobalo recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa Limpiezas del Noroeste S.A., por importe de 220.708,59 euros.

3º.- Recoñecer as obrigacións a favor da empresa limpeza del Noroeste S.A., por importe de 222.011,34 euros, pola limpeza de dependencias municipais perente o mes de decembro e outras mensualidades do ano 2011.

B)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE PEYCAR. EXPTE. 4286/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina Administrativa de Contratación, do 23.11.2012, conformado pola concelleira de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral, do 28.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Declarala nulidade das actuacións realizadas a favor da Compañía Peycar Pontevedra, S.I. Respecto das seguintes facturas:

5.803 de 01-10-2008 por importe de 2.269,01 euros.
4.337 de 27-06-2008 por importe de 3.899,92 euros.
2.934 de 30-04-2008 por importe de 9.772,36 euros.
08/1634 de 31-10-2008 por importe de 3.324,37 euros.
08/1198 de 01-10-2008 por importe de 17.094,95 euros.
2.933 de 30-04-2009 por importe de 2.815,46 euros.
09/3292 de 29-05-2009 por importe de 2.191,69 euros.
2940 de 30-04-2008 por importe de 352,87 euros

2.- Aprobalo recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de Peycar Pontevedra, S.I. por importe de 41.720,63 euros, para o pagamento das facturas relacionadas no punto primeiro deste acordo que se imputarán a aplicación presupostaria 922.0.221.04.01.

3.- Aprobar o recoñecemento das obrigacións a favor de Peycar Pontevedra, S.I. por importe de 41.720,63 euros, para o pagamento das facturas relacionadas no punto primeiro deste acordo .

C)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE LINORSA. EXPTE. 58/242.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Xeral, do 25.10.2012, conformado pola concelleira de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral, do 8.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarala nulidade das actuacións realizadas.

2º.- Aprobalo recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa Limpiezas del Noroeste S.A., por importe de 220.708,59 euros.

3º.- Recoñecer as obrigacións a favor da empresa limpiezas del Noroeste S.A., por importe de 222.011,34 euros, pola limpeza de dependencias municipais durante o mes de decembro e outras mensualidades do ano 2011.

D)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE CLECE. EXPTE. 72956/242

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 21.05.2012, conformado polo xefe de área de Política de Benestar, pola concelleira delegada da área e pola concelleira de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 26.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Recoñecer o gasto por recoñecemento extraxudicial de crédito, favor de CLECE,S.A., NIF A-8036424, de conformidade coa Base 28 das de execución orzamentaria vixentes, por un importe total de 140.006,67 euros (cento corenta mil seis euros con sesenta e sete céntimos).

2º.- Recoñecela obriga a favor CLECE, S.A., NIF A-8036424 por importe total de 140.006,67 euros (cento corenta mil seis euros con sesenta e sete céntimos)

3º.- Dispoñelo gasto a favor de CLECE, S.A., NIF A-8036424 por importe total de 140.006,67 euros (cento corenta mil seis euros con sesenta e sete céntimos)”

E)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE MOVEXVIAL-CIVISGLOBAL. EXPTE. 6651/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefe de Patrimonio Histórico, do 9.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 7.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de CIVIS GLOBAL, S.L. (anteriormente MOVEXVIAL, S.A.) , co CIF B-36684157, en concepto dos gastos ocasionados polas obras realizadas na pinacoteca, e no eixo Porta do Sol-Paseo de Alfonso, por un importe total de 336.408,66 euros, consonte coas seguintes facturas:

– Concepto de obras de reparación no eixo P. do Sol – P. de Alfonso:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
423	13/12/11	16/12/11	110161228	47.493,56 €
422	13/12/11	16/12/11	110161226	79.344,17 €
TOTAL				126.837,73 €

Con cargo á partida 3360.6190016, "REC.EXT.C. EIXO P. SOL P. ALFONSO.", do orzamento do ano 2012, por importe total de 126.837,73 euros.

- Concepto de obras pinacoteca:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
425	14/12/11	16/12/11	110161110	58.998,81 €
426	14/12/11	16/12/11	110161112	58.983,00 €
427	14/12/11	16/12/11	110161113	58.998,80 €
428	14/12/11	16/12/11	110161116	10.839,93 €
429	14/12/11	16/12/11	110161118	21.750,39 €
TOTAL				209.570,93 €

Con cargo á partida 3360.6220055, "REC.EXT.C. OBRAS PINACOTECA.", do orzamento do ano 2012, por importe total de 209.570,93 euros."

F)RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE MOVEXVIA-CIVISGLOBAL. EXPTE. 6651/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefe de Patrimonio Histórico, do 9.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 7.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de CIVIS GLOBAL, S.L. (anteriormente MOVEXVIAL, S.A.) , co CIF B-36684157, en concepto dos gastos ocasionados polas obras realizadas na pinacoteca, e no eixo Porta do Sol-Paseo de Alfonso, por un importe total de 336.408,66 euros, consonte coas seguintes facturas:

– Concepto de obras de reparación no eixo P. do Sol – P. de Alfonso:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
423	13/12/11	16/12/11	110161228	47.493,56 €

422	13/12/11	16/12/11	110161226	79.344,17 €
TOTAL				126.837,73 €

Con cargo á partida 3360.6190016, "REC.EXT.C. EIXO P. SOL P. ALFONSO.", do orzamento do ano 2012, por importe total de 126.837,73 euros.

- Concepto de obras pinacoteca:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
425	14/12/11	16/12/11	110161110	58.998,81 €
426	14/12/11	16/12/11	110161112	58.983,00 €
427	14/12/11	16/12/11	110161113	58.998,80 €
428	14/12/11	16/12/11	110161116	10.839,93 €
429	14/12/11	16/12/11	110161118	21.750,39 €
TOTAL				209.570,93 €

Con cargo á partida 3360.6220055, "REC.EXT.C. OBRAS PINACOTECA.", do orzamento do ano 2012, por importe total de 209.570,93 euros."

G)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ALDASA. EXPTE. 6652/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 9.05.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 11.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

"Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de empresa C. ALDASA, S.L.U., co CIF B-15760150, en concepto dos gastos ocasionados pola impermeabilización das escaleiras da rúa Cánovas del Castillo, consonte coa factura Nº 201, con data de rexistro 16/12/11, por importe total de 22.318,47 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2100003, "REC.EXT.C. ESC. C.CASTILLO", do orzamento do ano 2012".

H)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE MERLIN COMUNICACION. EXPTE. 6687/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 2.07.2012, conformado pola concelleira delegada da

área, co informe do letrado da Asesoría Xurídica, do 24.07.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de MERLÍN COMUNICACIÓN, S.L.U, co CIF B-36842516, en relación cos gastos ocasionados pola exposición “recursos turísticos para cruceristas, exposición e itinerarios”, consonte coa factura nº 03/2011, con data de rexistro 15/03/11, por un importe de 29.268 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260200, “REC.EXT.C. RECURSOS TURÍSTICOS” do orzamento do ano 2012.”

I)RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE EAM. EXPTE. 6641/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 7.05.2012, conformado pola concelleira delegada da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 7.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de EAM (Enxeñería e análise medioambiental), co CIF B-70073648, en relación aos gastos de realización de informes sobre o Casco Vello e Bouzas, consonte coas seguintes facturas: nº 013/2011, con data de rexistro 23/03/2011; nº 12/2011, con data de rexistro 23/03/2011; nº 17/2011, con data de rexistro 27/04/2011, por un importe total de 62.528,20 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2270600 “R.EXT.C. INFORMES SOBRE O CASCO VELLO, EAM”, do orzamento do ano 2012.”

L)RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ASOCIACION CULTURAL CUNAJAZZ. EXPTE. 6646/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 5.10.2012, conformado pola concelleira delegada da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 7.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 10.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL CUNAJAZZ, co CIF G-70136445, en relación coa prestación de servizos de acompañamento musical da actividade de exposición de esculturas nos xardíns do Pazo de Castrelos. Artistas na rúa (Cidade de soños), consonte coa factura nº 013/2010, con data de rexistro 28/10/10, por un importe de 4.514,00 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260900, “REC.EXT.C. ATRASOS EXPOSICIÓN CIDADE DE SOÑOS”, do orzamento do ano 2012.”

M)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE VINSA. EXPTE. 6650/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 8.05.2012, conformado pola concelleira delegada da área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 13.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 3.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., co CIF A – 78601945, en relación aos gastos de seguridade en equipamentos municipais dependentes do servizo de Patrimonio Histórico (xacemento de O Castro, villa romana de Toralla e Xardín Histórico de Castrelos), no ano 2010, por importe total de 30.452,89 € (IVE incluído), consonte coas seguintes facturas:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
6500277150	31/07/10	11/08/10	100106521	1.205,46 €
6500278812	31/08/10	15/09/10	100118562	3.734,26 €
6500281452	30/09/10	20/10/10	100134095	3.583,99 €
6500281453	30/09/10	20/10/10	100134098	2.687,99 €
6500281456	30/09/10	20/10/10	100134101	3.607,47 €
6500283113	31/10/10	15/11/10	100145131	318,39 €
6500283117	31/10/10	15/11/10	100145136	3.634,23 €
6500283114	31/10/10	15/11/10	100145133	2.811,96 €
6500284614	30/11/10	14/12/10	100160561	2.586,96 €
6500278808	31/08/10	15/09/10	100118567	3.594,19 €
6500285880	31/12/10	14/01/11	110004304	2.687,99 €
TOTAL				30.452,89 €

Con cargo a partida 3360.2270100 “REC.EXT.C. ATRASOS VIXIANCIA TORALLA, CASTRO, X.HIST.” correspondente aos orzamentos municipais do servizo de Patrimonio Histórico para o exercicio 2012.”

N)RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE GUNNEBO. EXPTE. 3573/313.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora do Laboratorio Municipal, do 26.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, co informe xurídico do técnico de Admón. Xeral de Medio Ambiente, do 7.11.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 12.11.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Declara-la nulidade das actuacións realizadas coa empresa Fichet-Bauche Gunnebo por un importe de 173,77 euros, referidas aos traballos de revisión e reparación da central de seguridade e alarmas dos gases empregados no desenvolvemento das actividades analíticas do Laboratorio.
2. Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da empresa Fichet-Bauche Gunnebo, por importe de 173,77 euros, con cargo a partida 3130 2130000 Reparacións e Utillaxe.
3. Recoñece-la obriga correspondente ao importe de 173,77 euros a favor da empresa Fichet-Bauche Gunnebo.

Ñ)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE OUTSOURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE. EXPTE. 2582/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 4.10.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 12.16.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 10.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 14.889,00 € (catorce mil oitocentos oitenta e nove euros), a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L. (CIF:B-47451794), con cargo á aplicación 9240 2279914 (Rec. Extr. Cred. Teleoperadoras Outsourcing)
- Recoñecer a obriga a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., polo importe de 14.889,00 € e correspondente a prestación do servizo de atención telefónica a través do 010 durante o mes de decembro de 2011.

O)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE IMESAPI. EXPTE. 2449/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 28.09.2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda e polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 14.06.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 10.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Declarar a nulidade da prestación do servizo, realizada por IMESAPI S.A.

- Aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28ª das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 7.481,25 € (sete mil catro centos oitenta e un euros con vinte e cinco céntimos), a favor de IMESAPI S.A. (CIF: A-28010478)
- Recoñecer a obriga a favor de IMESAPI S.A.
- Dispoñer o gasto con cargo á partida 9240 2270101 ("Rec. Extr. Cred. Vixiancia lmes Api"), a favor de IMESAPI S.A. , para o abono da factura núm. 36101595 por importe de 7.481,25 €.

P)RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DE ELINSA. EXPTE. 11398/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.08.2012, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe xurídico da técnica de Admón. Xeral, do 9.08.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 25.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Electrotécnica Industrial y Naval, S.L. (CIF B-15015274), pola realización das obras de instalación eléctrica e mantemento da mesma no campo de fútbol de Candeán, recollidas na fra nº 291002 por un importe de 29.910 €.

2.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Electrotécnica Industrial y Naval, S.L. co CIF B-15015274, por importe de 29.910 €, consonte coa factura 291002 de data 30/01/2009, con cargo á partida 3410.631.00.00 "Rec. Ext. Cred. Alumeado Campo de Fútbol de Candeán Elinsa", do vixente orzamento, pola realización da instalación eléctrica e mantemento do campo de fútbol de Candeán, en abril de 2007.

23(1628).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A PROL DA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE VIGO, CORRESPONDENTE Á FACTURA DO MES DE OUTUBRO. EXPTE. 8941/306.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 7 de novembro emitido polo xefe do departamento de Medio Ambiente, coa conformidade das concelleiras delegadas de Medio Ambiente e de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a prol da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Vigo, con CIF: G-36.638.955, correspondente á factura do mes de outubro de data 5/11/2012 (doc. 120127287) polo concepto de "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e

Plantas" por importe de 8.000 euros, con imputación á retención de crédito núm. 201200014419 da partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor.

24(1629).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE OUTUBRO 2012. EXPTE. 8887/306.
O xefe do servizo de Medio Ambiente, coa conformidade da concelleira delegada, emite o seguinte informe:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor, no servizo de Medio Ambiente, autorizados pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude nos meses de outubro e novembro de 2012.

Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
8829/3 06	1720.227.99. 08	CM SER	Proxecto de organización e execución de rutas de Camiño a Camiño por Vigo e bisbarra	Xermolo Dinamización Sociocultural, SL	02/10/12	09/10/12	21.598,50 €
8856/3 06	1720.227.99. 08	CM SER	Transporte terrestre dos participantes nas rutas de Camiño a Camiño por Vigo e bisbarra	Autna, SL	02/10/12	09/10/12	6.930,00 €
8821/3 06	1720.227.99. 01	CM SER	Revisión do Mapa de Ruídos do Concello de Vigo	SONEN Centro de acústica e servizos de telecomun., SL	16/10/12	05/11/12	13.915,00 €
8687/3 06	1720.227.99. .11	CM SER	Actualización e supervisión de traballos do Mapa de Ruídos	Universidade de Vigo	16/10/12	30/10/12	7.863,79 €
8938/3 06	1720.210.00 .00	CM SUB	Reparación parcial do peche da caneira mun.	Varios	06/11/12	07/11/12	10.706,97 €
8951/3 06	1720.227.99 .12	CM SUB	Mantemento das hortas medio ambiente.	Varios	09/11/12	16/11/12	12.774,77 €
8264/3 06	1720.221.04 .00	CM SUB	Adquisición de vestiario	Varios	26/10/12	06/11/12	1.000,00 €

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do anterior informe.

25(1630).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A JUSTO ROMAN, S.L., Ó NON OCASIONAR DANOS CON MOTIVO DO APROVEITAMENTO DA VÍA PÚBLICA COA COLOCACIÓN DE VALADO NA RÚA CRISTO, 35. EXPTE. 84096/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 22 de novembro emitido pola xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 25 de setembro de 2012 por JUSTO ROMAN, S.L, con CIF

B36649473, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do aproveitamento da vía pública coa colocación de valado na rúa Cristo, nº 35, por non se producir danos.

26(1631).- AUTORIZAR A PRÓRROGA DO PRÉSTAMO TEMPORAL DAS OBRAS DAS COLECCIÓNIS MUNICIPAIS DE ARTE E HISTORIA. EXPTE. 4551/337.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do Director do Museo, do 3.12.2012, conformado polo xefe do Servizo de Museos, polo xefe de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- “Autorizar a prórroga do préstamo temporal, ata o 31 de marzo de 2013, das obras das coleccións municipais de arte e historia: Estela de Dyonisos e Ampelos (n.i. 1924); Campesiña, de Xosé Eiroa Barral (n.i. 1053); Conxunto lítico das Gándaras de Budiño (n. i. s. 2570, 2571, 2576, 2582, 2583, 2585, 2559, 2602, 2566 e 2563); solicitada pola Fundación Cidade da Cultura para a súa exposición “Gallaecia Pétrea”

2.- A autorización queda condicionada á contratación, por parte da Fundación Cidade da Cultura, do correspondente suplemento da póliza de seguros, actualmente vixente para estas obras, ata a data de finalización da prórroga. Con este fin a Fundación remitirá ó Museo Municipal, antes do 15 de decembro de 2012, documentación acreditativa de ter contratado o citado suplemento.

3.- Calquera gasto que puidera derivarse da realización da prórroga será asumido integramente pola Fundación Cidade da Cultura que garante, en todo momento, o mantemento das condicións xerais e particulares establecidas polo museo municipal no momento do préstamo”

27(1632).- PRORROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO DO EQUIPO DE COMUNICACIÓNS E EMERXENCIA PARA A POLICÍA LOCAL E BOMBEIROS. EXPTE. 36812/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 28 de novembro da xefa do Servizo de Fiscalización coa conformidade do interventor xeral, de acordo co informe proposta da mesma data, emitido polo adxunto xurídico da Policía Local, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a prórroga do contrato de mantemento do equipo de comunicacións e emerxencia para a Policía Local e Bombeiros, por importe de 29.331,74 €, adxudicado por acordo da XGL do 30 de decembro de 2005 (expte. 2087-113) á mercantil Taelpo Telecom, S.L., co CIF B36246353, e formalizado en documento administrativo o 6 de febreiro de 2006.

Segundo.- Aprobar e autorizar, en consecuencia, un gasto de 1.629,60 € para 2012 con cargo á aplicación orzamentaria 1320. 2279906 (mantemento de comunicacións) e o seu nivel de vinculación xurídica, e de 27.702,14 € para 2013 con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279906 (mantemento de comunicacións), máis a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre decembro de 2011 e decembro do 2012.

28(1633).- PRÓRROGA POR UNHA ANUALIDADE NATURAL (DO 1.01 Ó 31.12.2013), Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. AUTORIZAR O GASTO. EXPTE. 36786/212.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 9 de novembro emitido polo intendente xefe en funcións da Policía Local, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe de data 30 de novembro da xefa do Servizo de Fiscalización coa conformidade do interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a prórroga por unha anualidade natural (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013) ao convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 31 de agosto de 2012 (expte. 36110-212), asinado por D. Abel Caballero Alvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e por D. José Carlos García Bouzas, Director Xeral da AGASP, con data do 3 de setembro de 2012, segundo se establece na súa Cláusula Décima.

Segundo.- Autorizar o gasto máximo para a súa execución ata 27.000€ nos termos que se establecen na Cláusula Quinta do convenio:

- Ata un máximo de 14.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2330000 (cursos de formación impartidos por empregados públicos).
- Ata un máximo de 12.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2279910 (cursos de formación impartidos por empresas).

29(1634).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XUÑO-OUTUBRO. EXPTE.23644/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do 26-11-12, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 27-11-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria

121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Outubro	226'00
Extinción de Incendios	Outubro	1068'00
Policia Local (Xulgados)	Setembro	1264'00
Policia Local (Horas en exceso)	Setembro	339'25
Montes, Parques e Xardíns	Xuño	80'00
Limpeza	Xuño	38'00
Inspección Vías e Obras	Xuño	60'00
Parque Móbil	Xuño	91'00
Ospio	Xuño	60,00
Conserxería	Xuño	31'60
Parque Central	Xuño	118'00
Parque Móbil (Medio Ambiente)	Xuño	120'00
Cultura	Xuño	18'00
Medio Ambiente	Xuño	35'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 36.270,24 €.

30(1635).- CONCESIÓN DE AXUDA ESPECIAL CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 23658/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do 16-11-12, da xefa do Servizo de Recursos Humanos, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 27-11-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a axuda especial proposta pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 12 de novembro de 2012 por un importe total de 2.416,00 € (DOUS MIL CATROCIENTOS DEZASEIS EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social ao seguinte empregado público municipal que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Molina Magdalena, Fernando	36065820	77043	2.416,00 €
TOTAL			2.416,00 €

31(1636).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN ABRIL-OUTUBRO 2012 PERSOAL ÁREA FOMENTO. EXPTE. 23693/220.

